# A INSURXENCIA POR VIR

Non censuramos a nosa mensaxe
Non toleramos tanto intolerante
Hoxe estouramos cun berro xigante
Aquí no se rinde nadie

Lacaio traidor, serve e protexe
Lei de Talión pra quen mata á súa xente
Non hai perdón, o pobo non esquece:
Ollo por ollo e dente por dente

Temos lume invicto que prende a barricada
Nace en Beirut, Quito e Via Laietana
No Metro de Chile, na foto da miliciana
Cando calar é un crime xa non vale equidistancia

Cando o vello mundo camiña cara á fin
Somos a insurxencia que aínda está por vir
Houbo pedras no camiño e moito infeliz
Pero a esperanza sempre estivo aí
Hai fame, sede, medo e o ceo está máis gris
Pero é o momento de saltar ao ring

Soan as alarmas, vimos en camiño
A conciencia está calma nun prefacio clandestino
Soan as alarmas, voan adoquíns
Insurxencia por vir

Non vale agocharse se pegan aos nosos
Que sempre nos teman neste corpo a corpo
O baile dos rojos é duro e perigoso
Coma un foguete no helicóptero dos Mossos

Privatizan beneficios e pagamos nós as perdas
Iso non o tapan nin farrapos, nin bandeiras
Non hai tregua xamais na contenda
Porque vida só hai unha pero a dignidade é eterna

Esperta xa esta fera e berra nesta guerra que lle espera
Non sopesa as consecuencias cando a paz é cousa etérea
Xa semella unha quimera, sempre en garda, estade alerta
Chega a nosa quenda, queda a veda aberta

Cando o vello mundo camiña cara á fin
Somos a insurxencia que aínda está por vir
Bate neste espello, o tempo frea aquí
Cando o desalento senta canda ti
Hai fame, sede, medo e o ceo está máis gris
Pero é o momento de saltar ao ring

Retrouso

Pedro Sánchez decía que ofrecía un Ministerio de Juventud. ¡Este tío no se ha enterado de nada! Si ya tenemos miles y miles de Ministerios de Juventud: están en las asambleas de los institutos, están en los sindicatos, están en el movimiento feminista, en el movimiento ecologista... ¡en el poder popular están los Ministerios de Juventud!

Retrouso